

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

EXTRACTO da Orde do 16 de maio de 2023 pola que se modifica a dotación orzamentaria da Orde do 23 de novembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a creación de superficies forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2023 (código de procedemento MR670B).

BDNS (Identif.): 661915.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Modificación da dotación orzamentaria*

Modificación da alínea a) do artigo 25.1 que queda redactado do seguinte xeito:

«a) Código de proxecto 14.03.713B.770.0.2016 00207 por un importe de 2.950.000,00 € (295.000,00 € no ano 2023, e 2.655.000,00 € no ano 2024). Este crédito destinarase ás axudas solicitadas por todo tipo de beneficiarios previstos nesta orde, excepto entidades locais.

Resérvanse 260.000,00 € para solicitudes que se vaian forestar nos terreos cuxa superficie se atope ocupada na súa totalidade por eucalipto (*Eucalyptus sp.*) con diámetro normal medio inferior a 10 cm, por acacia negra (*Acacia melanoxylon*), mimosa (*Acacia dealbata*) e/ou falsa acacia (*Robinia pseudoacacia*), por masas mixtas de coníferas, frondosas e matogueira, con diámetro normal medio conxunto inferior aos 10 cm, nos cales a superficie ocupada pola especie dominante non supere o 60 % da superficie total ou superficies que, conforme ás líñas c), d), e), g), h), i) e j) do anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, poden plantarse con frondosas do anexo I da Lei 7/2012. No caso de que os ditos expedientes non cubran o dito importe, o remanente dedicarase ao resto de solicitudes».

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: ti31269-cqu7-56i8-q5f7-6bf6u10tyo11

